



Concello de Chantada (Lugo)

Pza. de España, 1- 27500 CHANTADA Tel. 982 44 00 11 - Fax. 982 46 21 02 aytochantada@infonegocio.com

DON JOSÉ MARÍA BAÑOS CAMPO, SECRETARIO DO CONCELLO DE CHANTADA (Lugo).

C E R T I F I C A:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día da data, acordou o seguinte:

“3. CONTRATACIÓN E SERVIZOS.

A) MODIFICACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO, DECORACIÓN E MOBILIARIO DO CENTRO DE DÍA DE CHANTADA.

Aprobado o prego referido en sesión do 21 de xullo de 2015, e estando en proceso de licitación o expediente contractual, detectouse o erro de non se ter previstos sobres diferenciados para os criterios automáticos e os criterios de xuízos de valor (apartados A) e B) da cláusula 13 do prego).

Considerando que anular o procedemento e ter que reinicialo, causaría serios prexuízos polos prazos en que debe estar realizada e xustificada esta subministración,

A Xunta de Goberno Local adopta por unanimidade o seguinte

ACORDO

Non se terá en conta para a valoración das ofertas o apartado B) da cláusula 13 do Prego de cláusulas para a contratación da subministración do equipamento, decoración e mobiliario do Centro de día de Chantada, de tal maneira que xa non será necesario documentalo especificamente, e se se fíxese, non se tenría en conta.”

E para que así conste, expide o presente certificado en Chantada, a catro de agosto de dous mil quince.

Vº e pr.
O Alcalde, P.D.
(Decreto 199/2015)

José Castor Novoa Fernández.

